

Recurso nº 46/2018**Resolución nº 53/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por M.P.L. actuando en nome e representación de AQUA-NOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato de subministración de melloras das instalacións electromecánicas da ETAP, EDAR de Carballo e Razo, expediente SUM 17/2017, licitado polo Concello de Carballo, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) na sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Carballo convocouse a licitación do contrato de subministración denominado Melloras das instalacións electromecánicas da ETAP, EDAR de Carballo e Razo, cun valor estimado declarado de 213.732,51 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de contratos públicos de Galicia e no BOP o 14.11.2017.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante TRLCSP)

Terceiro.- Impúgnase o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello, de 04.06.2018, polo que se estima a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa GESTAGUA S.A. e, en consecuencia, se lle adxudica o contrato. Tal acordo foi notificado aos licitadores o 06.06.2018. Na Plataforma de contratos públicos de Galicia tivo difusión o 07.06.2018.

Cuarto.- O día 21.06.2018 AQUA-NOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (AQUANOR, en adiante) interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través sede electrónica da Xunta de Galicia.

Quinto.- Con data 22.06.2018 reclamouse ao Concello de Carballo o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 28.06.2018.

Sexto.- No texto do recurso a recorrente, AQUANOR, solicitaba o acceso ao expediente desta licitación no tocante ao escrito e documentación de GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA S.A de xustificación da baixa anormal ou desproporcionada, presentado en tal licitación. O recorrente pedira, con anterioridade á interposición deste recurso especial, esa documental ao Concello, o que este rexeita o 08.05.2018, alegando que tiña información confidencial.

Antes de proceder a decidir sobre tal acceso, e antes de proseguir coa tramitación do recurso especial, o 28.06.2018 este TACGal deu audiencia a GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA S.A (GESTAGUA) para que, nun prazo de cinco días hábiles, exclusivamente indicara a este Tribunal as partes desa documentación que entendera que poidan ser confidenciais, aos efectos do artigo 56.5 LCSP. O 04.07.2018 GESTAGUA presentou escrito indicando as partes que estimaba confidenciais desa documentación.

Por Resolución do TACGal de 05.07.2018 acórdase dar acceso a AQUANOR a esa documental, menos aquelas partes declaradas confidenciais, acceso que tivo lugar o 12.07.2018. Na mesma tamén se indicou ao recorrente que este trámite só podía estar referido ao acceso ao expediente da licitación impugnada, art. 52 LCSP, e que outras peticións documentais debían ser tratadas como peticións de proba, segundo o artigo 56.4 LCSP, sobre o cal nos pronunciamos entón na Resolución presente.

Sexto.- O 19.07.2018 o recorrente presenta o seu complemento do recurso, e ese mesmo día se da traslado, ao abeiro do artigo 52.3 LCSP, ao órgano de contratación que remite o seu informe o 24.07.2018.

Sétimo.- Trasládouse o recurso e o seu complemento aos interesados o 24.07.2018, recibíndose as alegacións da empresa GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA S.A.

Oitavo.- O 28.06.2018 o TACGal decidiu a suspensión da licitación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A oferta do recorrente quedou valorada en segundo lugar, e solicita a non admisión, por baixa temeraria, da proposición que resultou adxudicataria, polo que ostenta a lexitimación do art. 48 LCSP.

Cuarto.- Dadas as datas descritas, o recurso foi presentado en prazo.

Quinto.- Estamos perante un contrato de subministración, con valor estimado de 213.732,51 euros, polo que admisible este recurso ao abeiro do artigo 44.1.a) LCSP.

Como dixemos na Resolución TACGal 35/2018, e nas previas aí citadas:

“A Disposición Transitoria Primeira.4 da vixente LCSP, recolle:

“Nos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta lei poderase interpor o recurso previsto no artigo 44 contra actos susceptibles de impugnación nesta vía, sempre que se ditasen con posterioridade á súa entrada en vigor.”

Como xa dixemos nas Resolucións TACGal 20/2018 ou 25/2018, entre outras, esta Disposición, polo tanto, e de xeito concreto a súa expresión referente aos actos susceptibles de impugnación, remítenos literalmente ao apartado 1 do art. 44 LCSP, que establece que serán susceptibles de recurso especial os actos e decisións enumerados no apartado segundo, cando se refiran aos contratos que relaciona, como son os contratos de servizos dun valor estimado superior aos 100.000 euros. Esta interpretación é conforme co propio enunciado do art. 44, que se refire precisamente aos actos recorribles, “recurso especial en materia de contratación: actos recorribles”, cando define, no seu título, o contido xeral do precepto.

Este TACGal interpretou entón que, dado que a expresión literal da Disposición Transitoria remite con claridade ao artigo 44, son susceptibles de impugnación todos os actos e decisións enumerados no art.44.2 que fosen ditados con posterioridade á entrada en vigor da LCSP e referidos aos contratos e contías recollidas no art. 44.1 LCSP, polo que o recurso, como expresamos, é admisible.”

Por outra banda, o acto impugnado está dentro do apartado c) do artigo 44.2 LCSP.

Sexto.- O recorrente impugna a adxudicación a GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA S.A (GESTAGUA, en adiante) porque considera que o trámite aberto sobre se estaba en baixa temeraria ou desproporcionada debía ter concluído coa consideración de que estaba en tal baixa. Alega tamén que noutro expediente de contratación deste Concello, ante os mesmos argumentos de GESTAGUA, o Concello declarou a temeridade de tal baixa, e, finalmente, que o Concello non lle permitiu o acceso ao expediente.

No seu complemento de recurso considera que o aceso ao expediente debía incluír a visualización doutro expediente de licitación, de obras, e aporta alegacións sobre a improcedencia da admisión da xustificación de GESTAGUA.

Sétimo.- O órgano de contratación no seu informe sobre o recurso, de data 27.06.2018, considera que no caso que nos ocupa o límite da baixa temeraria, aplicando fórmula sinalada no PCAP, estaba en 212.727,48€, o que supón unha baixa



do 17,75%, e a oferta do licitador GESTAGUA, era de 208.186,15€, que supón unha baixa do 19,50%, o que implica un diferencial de só 1,75%.

Engade que, visto o contido da xustificación da baixa temeraria presentada por GESTAGUA e o informe técnico de 16.04.2018 analizando a mesma -que fai seu a mesa de contratación en sesión de 19.04.2018- se pode concluír que a admisión da oferta económica incursa en temeridade si está suficientemente xustificada.

A maiores, rexeita a tese do recorrente referida ao sucedido noutro expediente de licitación para con GESTAGUA, pois mentres o expediente con ref. OBR-19/2017 é un contrato administrativo de obras, o expediente cuxa adxudicación agora se impugna, con ref. SUM-17/2017, é un contrato administrativo de subministración, polo que son tipos de contratos diferentes, de aí que a xustificación dunha oferta económica incursa en temeridade en cada unha desas dúas realidades sexa diferente.

No seu informe sobre o complemento do recurso, basicamente, se remiten ao xa exposto con anterioridade.

Oitavo.- GESTAGUA presentou alegacións onde, tras escolma de doutrina administrativa e xurisprudencial, defende a actuación impugnada.

Noveno.- O artigo 152 do TRLCSP establece nos seus apartados 3 e 4, o seguinte:

“3. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

(...) 4. Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou



desproporcionados, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo anterior”.

Na Resolución TACGal 14/2018 dimos conta da doutrina consolidada existente sobre as baixas anormais ou desproporcionados, con referencias, entre outras, a que:

“ - O artigo 152 do TRLCSP habilita para que os pregos poidan establecer límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. A superación de tales límites non permite excluír de maneira automática a proposición, dado que é precisa a audiencia do licitador a fin de que este poida xustificar que, non obstante os valores da súa proposición, si pode cumprir o contrato. Desta maneira, a superación dos límites fixados no prego configúrase como presunción de temeridade que debe destruírse polo licitador, correspondéndolle só a el a xustificación da súa proposición (Resolución 142/2013, do 10 de abril, con cita da 121/2013, do 23 de maio, ambas do TACRC).

- A apreciación de que a oferta ten valores anormais ou desproporcionados non é un fin en si mesmo, senón un indicio para establecer que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia diso. De acordo con iso, a apreciación de se é posible o cumprimento da proposición ou non debe ser consecuencia dunha valoración dos diferentes elementos que concorren na oferta e das características da propia empresa licitadora, sen que sexa posible a súa aplicación automática (Resolución 240/2012 do TACRC).

- A decisión sobre se a oferta pode cumprirse ou non corresponde ao órgano de contratación, que debe sopesar as alegacións formuladas pola empresa licitadora e os informes emitidos polos servizos técnicos. Evidentemente nin as alegacións mencionadas nin os informes teñen carácter vinculante para o órgano de contratación, que debe valorar adecuadamente ambos e adoptar a súa decisión con base neles (Resolucións 24/2011, do 9 de febreiro, 72/2012, do 21 de marzo, ou 121/2012, do 23 de maio).

- Na Resolución 142/2013 do TACRC indícase que aínda admitindo que a forma normal de actuar no mundo empresarial non é facelo presumindo que se sufrirán perdas como consecuencia dunha determinada operación, situación esta que só se produciría se aceptamos os cálculos de custos da recorrente, é claro tamén que entre as motivacións do empresario para emprender un determinado negocio non só se contemplan as específicas dese negocio concreto, senón que é razoable admitir que para establecer o resultado de cada contrato, fágase unha avaliación conxunta cos restantes negocios celebrados pola empresa e que, analizado desde esta

perspectiva, poida apreciarse que produce un resultado favorable (Resolucións 24/2011, xa citada, e 303/2011, do 7 de decembro de 2011, do TACRC)."

Rematábamos esa escolma *"coa referencia recollida na resolución 3/2018 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi que menciona que: "el poder adjudicador goza de un amplio margen en el procedimiento de apreciación de la temeridad..."*

Décimo.- O 28 de marzo de 2018, a mesa de contratación procede á apertura do Sobre C, de oferta económica.

Aí observa que a oferta económica de GESTAGUA era de 208.186,15€ e decide que *"Realizado o cálculo establecido no Anexo V, apartado 2º PCAP, para a consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, compróbase que a oferta presentada Gestagua S.A está incurso en temeridade (212.727,48€)",* polo que se lle da audiencia ao respecto.

Presentada por tal empresa xustificación a este respecto, é valorada polo xefe de servizo de proxectos e obras do Concello, que en informe técnico de 16.04.2018 aconsella estimar a xustificación.

A mesa de contratación, en reunión de 19.04.2018, analiza o informe, con presenza do informante, e tras intercambio de consideracións, por 4 votos a favor e 1 en contra se propón estimar a xustificación da baixa de GESTAGUA e á adxudicación a esta do contrato.

Finalmente, o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello, de 04.06.2018, estima a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa GESTAGUA S.A. e lle adxudica o contrato.

Pasamos entón a analizar os concretos puntos cuestionados polo recorrente verbo do debate que nos ocupa, tendo en conta o xa expresado de que o órgano de contratación ten recoñecida marxe de apreciación, que non de arbitrariedade evidentemente, e que nos adentramos no eido da discrecionalidade técnica, onde o carácter revisor deste Tribunal está limitado a controlar, xunto coa corrección do procedemento para chegar a unha decisión, se, no tocante á mesma, hai erros de apreciación ou arbitrariedades.

Por outro lado, aquí estamos en presenza da impugnación dunha decisión de, precisamente, non excluír a un licitador, isto é, dunha decisión que vai na dirección cara a concorrência, a efectos de que poida ser adxudicatario quen presenta a mellor opción para os intereses públicos. Evidentemente, isto só se pode facer con quen cumpra coas condicións da licitación e presente unha oferta economicamente viable, pero a motivación ha de ser reforzada naqueles casos onde a decisión da un resultado restritivo desa concorrência, como sucede cando a conclusión é a exclusión ou non admisión (por todas tamén, Resolución Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, TACRC, 332/2017).

Existe outro elemento ao que a doutrina consolidada dos Tribunais de recursos contractuais da valor certo na análise final de se estamos ante unha oferta non viable economicamente, cal é a diferenza co límite fixado nos pregos para apreciar presunción de anormalidade ou desproporción, de forma que canto máis diferenza máis esixencia xustificativa hai que esixir do licitador que a sostén.

Polo tanto, o primeiro que observamos do caso é que se cumpriu, tramitacionalmente, co esixido para cando se aprecia unha oferta en presunción de anormalidade ou desproporción.

Así, unha vez detectado tal circunstancia o Concello convintemente deu audiencia ao licitador, que presentou as súas alegacións e documental, o cal foi logo sometido a un informe técnico, que aporta un razoamento para entender que non procede a exclusión, informe logo seguido na decisión impugnada.

De maneira que, como punto de partida, destacamos que estamos en presenza dunha oferta, logo a mellor valorada para este obxecto contractual, que estaba por debaixo do fixado como presunción de anormalidade ou desproporción nunha proporción moi baixa (un 1,75%, segundo destaca o Concello) e onde o informe técnico que valora a mesma conclúe, tras razoamentos, que non merece a consecuencia máis gravosa verbo dos principios da licitación, a exclusión.

Polo tanto, como expresamos, á marxe revisora deste TACGal queda reconducida só a excluír que exista nisto arbitrariedade ou outro elemento invalidante, pero sen substituír as decisións técnicas que corresponden á Administración contratante.

Pois ben, estando razoado no informe técnico o sustento da consideración de entender viable a oferta presentada por GESTAGUA, non apreciamos arbitrariedade na mesma, nin o recorrente aporta elementos para chegar a tal conclusión.

Así, se o artigo 152 TRLCSP esixe unha audiencia *“para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato”*, non sería coherente coa mesma limitar logo o que pode alegar ou aportar tal licitador, sen que, evidentemente, poida isto supoñer unha alteración do que son os termos da oferta presentada. Aquí o que se aporta é documental xustificativa da viabilidade da oferta, pero non se alteran as cifras e elementos da oferta presentada.

Como dicíamos na Resolución TACGal 14/2018:

“É preciso salientar que o licitador ten o dereito de presentar aquela documentación que considere xustifica os prezos ofertados e o futuro cumprimento da súa proposta, non podendo con carácter xeral o órgano de contratación excluír unha ou outra sen proceder á súa valoración.”

Por outro lado, tamén se explica, con referencia ao convenio colectivo da empresa, o cumprimento nos custes de man de obra do convenio e os do proxecto, o cal son datos de clara razoabilidade para descartar a inviabilidade dunha oferta económica.

Neste sentido, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña no Informe 3/2012, de 30 de marzo, explica:

“Según se desprende de la normativa mencionada, con la regulación de las ofertas o proposiciones con valores anormales o desproporcionados se persigue un doble objetivo: en primer lugar, garantizar la ejecución correcta del contrato, es decir, que la ejecución del contrato no se pueda frustrar como consecuencia del hecho de que una oferta o una proposición contenga valores anormales o desproporcionados y, por lo tanto, comprobar que estas ofertas o proposiciones son viables y que en caso de ser seleccionadas se podrán cumplir correctamente en los términos establecidos; y, en segundo lugar, establecer unos mecanismos de protección para la empresa licitadora, de manera que su oferta o proposición no pueda ser rechazada de forma automática, sino que tenga la posibilidad de defenderla.

La justificación de una oferta es la acción de explicar, aduciendo razones convincentes o alegando por otros medios, la viabilidad y acierto de una proposición,



en los términos en que fue presentada al procedimiento licitatorio. Consiste pues, en la aclaración de los elementos en que el licitador fundamentó su oferta y en la verificación de que conforme a dicha aclaración, la misma es viable de forma tal que la ejecución de la prestación que constituye el objeto del contrato queda garantizada, en el modo y manera establecidos en los pliegos de condiciones”.

Como dixemos, do informe técnico se apreciava que houbo unha análise do aportado por este licitador, con plasmación dos razoamentos realizados sobre isto e chegando a conclusións lóxicas ao respecto, como son que se recolla que:

“Por todo o exposto infórmase que a xustificación técnico -económica da Baixa Temeraria, e en especial o referente á:

- A xustificación de xeito motivado e obxectivo dos prezos da maquinaria, manendo os prezos do proxecto.*
- Xustificación de materiais con ofertas dos provedores, coas calidades indicadas no proxecto.*
- A xustificación dos costes de man de obra conforme ó proxecto, máis altos que os do convenio colectivo.*
- Renuncia ó beneficio industrial por estratexia comercial.*

Segundo a documentación achegada a empresa xustificou de maneira obxectiva, os conceptos de materiais, man de obra e maquinaria cos que chega ó orzamento sinalado. Algúns desaxustes cometidos na xustificación, como por exemplo a xustificación dos costes de man de obra, a bomba sumerxible da Cabreira, dan a entender que sí terán beneficio industrial a pesar da estratexia comercial.

A empresa é a actual concesionaria do ciclo integral da auga no concello de Carballo, tendo capacidade suficiente para executar os traballos reflexados no proxecto. Por outra banda, unha execución deficiente das actuacións que nos ocupan, repercutiría directa e negativamente na explotación das infraestruturas e polo tanto na empresa, que debe ser a máis interesada nunha boa execución.

Non obstante, sometido este informe a opinións mellor fundadas, entendo que a empresa realizou unha xustificación obxectiva da baixa temeraria ou desproporcionada, ten capacidade para a execución das actuacións, pode garantir a calidade requirida e é a actual explotadora das instalacións, polo que se

ACONSELLA ESTIMAR A XUSTIFICACIÓN presentada pola empresa Gestión y Técnicas del Agua, S.A .para a adxudicación do contrato referenciado”

En todo caso, sobre a renuncia ao beneficio económico, significar que na Resolución TACGal 25/2018 expresábamnos:

“Esta doutrina consolidada do TACRC é congruente coa xeral fixada polos diversos Tribunais administrativos respecto á valoración das ofertas, admitindo, por exemplo, a viabilidade de ofertas cun prezo de cero euros nalgunha prestación”

Por todas, na Resolución TACRC 379/2014 xa se recollía:

“...no olvidemos que como tiene declarado este Tribunal en diversas resoluciones como las ya citadas las normas sobre presunción de temeridad no deben considerarse como un fin en sí mismas, sino como un elemento que permite valorar si el contrato se puede ejecutar por la empresa que lo propone. En este sentido, no vulnera las normas sobre temeridad el que se adjudique el contrato a una empresa que va a ejecutarlo disminuyendo sus beneficios por debajo de lo que sería esperable o incluso a pérdidas o porque pueden existir muchas y muy diferentes motivaciones para ejecutar el contrato en esas condiciones. Las normas sobre temeridad no imponen de manera absoluta la necesidad de valorar la congruencia económica de la oferta en sí misma, sino si es viable que la empresa licitadora la ejecute.”

O anterior non é óbice para significar que, no tocante ás baixas anormais, a renuncia ao beneficio é un dato ao que atender para a análise de se estamos ou non perante unha oferta viable, e, neste sentido, na xustificación das mesmas polo licitador este debería facer algunha referencia de en que contexto se produce tal renuncia a efectos de poder apreciar a súa razoabilidade en canto a esta dimensión de que a proposición presentada vaise poder levar a efecto.

Neste sentido, na xustificación da baixa que nos ocupa hai unha explicación ao respecto ao que unir a referencia que se recolle que GESTAGUA opera xa en distintas infraestruturas asociados ao ciclo integral da auga en Carballo, polo que ten lóxica a súa manifestación de que se ten interese en buscar o control sobre a explotación das mesmas e da súa fase de execución, o que da sentido a que na súa estratexia comercial se opte tamén a esta licitación, aínda que fora sen beneficios económicos en si.

En definitiva, como é doutrina consolidada, non se trata que o licitador xustifique exhaustivamente a oferta desproporcionada, senón de prover de argumentos que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode levar a cabo. Como tampouco é necesario que proceda á desagregación da oferta económica nin a unha acreditación exhaustiva dous distintos compoñentes dela, senón que abonda con que ofrezca ao órgano de contratación argumentos que permitan explicar a viabilidade e seriedade da oferta (por todas, Resolución TACRC 82/2015), o cal apareceu no presente caso.

Sobre o alegado a maiores tras o complemento do recurso, xa explicamos que non cabe a exclusión en base a que poidan existir agora limitacións documentais para coa xustificación da viabilidade da oferta– sendo, como vimos, a exclusión a decisión que require de motivación reforzada-, ou como opera o beneficio económico aos efectos que nos ocupa.

Por outro lado, o recorrente salta da valoración técnica a efectos da baixa (baixa porcentualmente moi pequena, lembramos) á dos criterios sometidos a xuízo de valor, sobre B, cando os parámetros de análise son diferentes, pois, como reiteramos ao longo deste escrito, só cabe a exclusión, con motivación reforzada, de apreciarse que a oferta non pode ser cumprida, o cal é diferente que valorar logo os parámetros dunha oferta, que sendo en si viable, posteriormente non aporta aspectos que fagan merecer os tramos máis altos nalgún dos aspectos a puntuar para clasificar as ofertas admitidas.

Por último, sobre a alegación do recorrente respecto a que realmente existe subcontratación na proposta da adxudicataria, o que se observa na xustificación da oferta de GESTAGUA é que expresa que non hai tal. A maiores, tamén hai unha declaración en tal sentido no propio sobre A presentado por GESTAGUA, sen que o recorrente desenvolva argumentación acreditativa en contrario.

En definitiva, tras serlle concedido ao recorrente o acceso á documentación presentada por GESTAGUA (agás no confidencial) e as diferentes fases alegatorias de AQUANOR, non se nos aparecen elementos para anular o criterio técnico realizado polo Concello en base a todo o visto.

Verbo da proba documental solicitada por AQUANOR no seu recurso, referida a traer a este recurso documentación doutra licitación deste Concello onde GESTAGUA foi excluída, o primeiro é explicar, como xa se fixo na Resolución TACGal onde

aceptamos o acceso ao expediente desta contratación, que o trámite do artigo 52 LCSP só cabía para visualizar o expediente da concreta licitación impugnada. Así, o resto de documental que se poida solicitar, como é a doutra contratación diferente, deben ser tratadas como peticións de proba do artigo 56.4 LCSP, onde, por certo, de admitirse, non se prevé en tal precepto un trámite de alegacións complementarias.

Unha vez centrada a cuestión, este TACGal non estima procedente nin relevante acoller a proba solicitada de solicitar a documentación de valoración da oferta, a efectos de anormalidade, de GESTAGUA noutro expediente neste Concello. Neste sentido, xunto a que xa existen elementos de proba suficiente respecto ao que nos ocupa no obrante neste recurso, aquel outro expediente estaba referido a outra tipoloxía de contrato, con parámetros de análise diferente, unido, e isto é importante, a que este Tribunal non validou aquela previa decisión naquel expediente de obras para entendelo como parámetro de corrección aos presentes efectos.

Como recolle a Resolución 143/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía:

“Pues bien, al respecto, ha de precisarse que un procedimiento de contratación es autónomo e independiente del anterior o anteriores, aun cuando coincidan en objeto y sujetos -órgano de contratación y contratista-, de tal forma que actuaciones en la ejecución de contratos anteriores de las potenciales entidades licitadoras, en sentido positivo o negativo, no pueden influir en futuras licitaciones que se rigen por sus respectivos pliegos y demás documentos contractuales. “

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por AQUA-NOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato de subministración de melloras das instalacións electromecánicas da ETAP, EDAR de Carballo e Razo, expediente SUM 17/2017.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.